

PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL DAS PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS MEDIANTE CONTRATOS FORMATIVOS - 2024

Subvencións á contratación de mozas e mozos menores de 30 anos en situación de desemprego para facilitar un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego

Orzamento
4.191.915 €

Prazo aberto do
23 de maio ao
30 de setembro



Persoas e empresas beneficiarias

- Persoas empregadoras e empresas, **calquera que sexa a forma xurídica que adopten**, incluídas as **persoas autónomas, sociedades civís e comunidades de bens** que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestaren servizos en centros de traballo radicados en Galicia.
- **Centros especiais de emprego** e as **empresas de inserción laboral**, excepto para celebrar contratos con persoas con discapacidade e contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social respectivamente.

Gastos subvencionables

As contratacións por conta allea de persoas mozas mediante a subscripción de contratos para a **obtención da práctica profesional** ou de **formación en alternancia**, e que:

- Teñan unha **duración mínima de 12 meses** e sexan a **xornada completa**.
- Sexan **novas contratacións*** ou **contratacións realizadas con anterioridade** (desde o 1 de decembro de 2023).

A **formación en competencias brandas** de cada persoa que sexa contratada ao abeiro desta convocatoria (**mínimo 50 horas**).



* No caso de novas contratacións, o período máximo para realizalas será de **vinte días hábiles** a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda, e **en todo caso antes do 15/10/2024**.

PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL DAS PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS MEDIANTE CONTRATOS FORMATIVOS - 2024



Contía do incentivo por persoa contratada

Incentivo á **contratación**

Grupo de cotización	Subvención máxima**
Grupos 1 e 2	16.625,00 €
Grupos 3 a 7	13.300,00 €
Grupos 8 a 11	9.975,00 €

Incentivo á **formación**

Programa formativo en competencias brandas dun mínimo de 50 horas

Modalidade formación	Incentivo máximo (IVE excluído) **
Presencial	1.700,00 €
Teleformación	850,00 €

O salario que percibirán as persoas mozas contratadas será o que corresponda legal ou convencionalmente e será acorde coa súa categoría profesional e titulación requirida para o posto subvencionado.



** Aboarase nun pagamento único, logo de presentada a documentación xustificativa



Persoas beneficiarias finais

→ Persoas mozas que, **no momento da contratación** para calquera das dúas modalidades contractuais previstas, **cumplan os seguintes requisitos**:

1. Ter feitos **os 16 anos** e **non superar os 30 anos** no momento da contratación.
2. Estar **desempregadas (desocupadas o día inmediatamente anterior á data de inicio do contrato) e inscritas como demandantes** no Servizo Público de Emprego de Galicia.
3. E **non ter experiencia profesional superior a 1 ano** no grupo de cotización no que van ser contratadas.

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 1704|2024

- Pulsa para acceder -

Na modalidade de **obtención de práctica profesional**

- Estar en posesión dun **título** universitario, de grao medio ou superior, ou equivalente.
- Celebrar o contrato nos **3 anos** seguintes á terminación dos estudos ou **5 anos** para persoas con discapacidade.
- **Non ter experiencia** ou realizado actividade formativa superior a 3 meses*** nesa mesma actividade.

Na modalidade de **formación en alternancia**

- Carecer da **calificación profesional recoñecida** polas titulacións ou certificados requiridos para concertar un contrato formativo para a obtención da práctica profesional, ou
- Posúan outra titulación sempre que **non tivesen outro contrato formativo previo** en formación do mesmo nivel formativo e sector produtivo.



*** Non computa o período de formación ou prácticas esixido polo currículo para a obtención do título